



# BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

10 de xuño de 2009

Nº 8/09

## METEOROLOXÍA

As precipitacións dos últimos días, dende o 3 o 10 de xuño, darán paso a un cambio de tempo por mor da progresiva entrada das altas presións, cun ascenso importante das temperaturas.

## VIÑEDO

### D. O. Rías Baixas

#### **Estado fenolóxico medio**

**I<sub>2</sub> -J.** Remate da floración-callado, agás a variedade Treixadura que aínda comeza a floración.



Albariño

albariño. As castes tintas e as brancas Treixadura e Loureiro tiveron menos danos por roturas.

#### **Incidencias fitopatolóxicas mais destacadas**

##### **Mildeu (*Plasmopara vitícola*)**

Dende o pasado día 3 de xuño obsérvanse os primeiros síntomas importantes de Mildeu nesta campaña,

#### **Coidados culturais**

Durante os últimos días produciuse un forte crecemento da gomariza, polo que é necesario realizar a poda en verde da vexetación que colga dos aramos dos sistemas de condución, tanto nos emparrados como nas espaldeiras.

Tamén hai que retirar a gomariza rota polos ventos refachados que se produciron durante os últimos días, sobre todo nos encepamentos de



Treixadura



nesta campaña, sobre todo en folla, e apeas polo momento en acios e varas.

As precipitacións que se produciron nos días seguintes, dende o 12 o 17 deste mes, prevese que aumenten e se produzan novas infeccións que van dar lugar a máis danos si non se atalla o ciclo do fungo cun tratamento oportuno.

**Excoriose.** (*Phomopsis viticola* sacc).

Seguen observándose o mesmos síntomas de datas pasadas. Xa pasado o período de sensibilidade das cepas **non é necesario continuar coa vixianza da enfermidade**, xa que tampouco serían eficaces os tratamentos funxicidas, de selo caso.



Síntomas de Mildeu en folla

**Botrite** (*Botrytis cinerea*).

De momento apeas obsérvanse síntomas, pero **as precipitacións acontecidas nos últimos días nas parcelas que coincide coa floración** é moi previsible que produzan os primeiros danos nas inflorescencias e uvas recen calladas.

**Black-root.**

Sobre todo na zona do Condado obsérvanse algún síntoma de escasa consideración.



**Polilla dos acios** (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*)

A pesares que en primavera producíronse voos de incluso máis de 100 imagos capturados por trampa e semana, apeas se observan glomérulos nos acios e polo tanto, como soe ser habitual, non é necesario tratar esta primeira xeración.

Eiruga da polilla nun viñado con adianto vexetativo.

**Recomendacións**

**PARA O MILDEU:**

A vista da climatoloxía que se produce durante os últimos días e a previsión meteorolóxica para os próximos, compre a recomendación de un novo tratamento fitosanitario en base as seguintes consideracións:



Parcelas tratadas antes do 7-8 de xuño (con fitosanitarios recomendados en anterior boletín):

O tratamento xá non tivo propiedades de efecto curativo completo para deter as condicións de infección que se deron a partir do 12 de xuño.

**Tratar tan pronto como a climatoloxía permita facelo** con fitos sistémicos ou penetrantes (teñen efectos erradicantes).

Parcelas tratadas entre o 10-11 de xuño (con fitosanitarios recomendados en anterior boletín):

Do 12 o 15 o tratamento exerceu efectos preventivos e control das condicións de infección acaecidas no intervalo, pero aproximadamente a partir do día 16 produciríanse xa infeccións viables dun novo ciclo.

**Pódese atrasar o tratamento a non máis tardar do 22 de xuño**, tempo no que se prevé o período de incubación dende as primeiras infeccións teóricas do fungo, con fitos sistémicos ou penetrantes.

#### **PARA A BOTRITE:**

Viñedos en floración-callado con presenza de cascos pegados aínda ás uvas durante os últimos días de precipitacións (causantes tamén de foco primario de futuras podremias no acio de tipo saprófito):

**Tratar con fitosanitario antibotrítico específico:** FENHEXAMIDA, METILTIOFANATO, CIPRODINIL+FLUDIOXINIL, IPRODIONA, BOSCALIDA, MEPANIPYRIM OU PIRIMETANIL.

Viñedos coas uvas calladas sen presenza dos restos da floración durante os últimos días de precipitacións:

**É suficiente aplicar un funxicida que na súa composición conteña FOLPET** (por exemplo, de entre os funxicidas antimildeu recomendados anteriormente).



Acio en floración sensible a botrite debido á presenza de auga durante varios días.